

Utilidade da pena de morte

(Crónica dun humor inxusto e negro)

—A raíña ten que sabelo —opina a encargada dos enfeites.

—Que horror!

—Debes dicirllo ti e canto antes, es a súa persoa de confianza —considera a mulleriña que se ocupa de fiscalizar que todos os días sopren nas conas das vacas cunha palliña para, á vez que se facilita o muxido, aumentar a produción de leite.

Todas temen a súa reacción, Catarina de Médicis desvívese polo seu home, é o seu ollíño dereito e espera que canse da querindanga, pois xa empeza a notarse que Diana de Poitiers é vinte anos maior que el.

—Algo levamos adiantado, o causante do accidente non dubidou en quitarse a vida.

—Esas cousas pasan nos torneos, que se lle vai facer se a lanza quebra e deixa un hastil no ollo do rei de Francia! —engade a que ostenta o privilexio de asearlle as partes íntimas á florentina.

—Hai que dicirllo, ela saberá que facer.

No ar de Chénonceaux aínda quedan os estertores do último banquete, aquel en que Catarina quixo que lle trouxesen até a mesa o cadáver dun tal Soulise. O defunto, asasinado había un par de días, concretamente o día de san Bartolomeu, ao parecer era impotente e a de Médicis quería saber como era un carallo incapaz de endurecerse.

A intensidade do silencio anticipa unha presenza real.

—Fixéronlle a cura de urxencia? —pregunta a raíña, sabedora do percance e sen perder a compostura anímica. Leva a roupa revolta e os cabelos coa forma inequívoca do descanso. É moi raro vela sen o corsé que impuxo na corte para que as damas non envexen a súa cintura de nespra logo de parir dez fillos.

—Maxestade, non para de botar sangue, os médicos non saben como parar ese fluír vermello —informa o duque de Nemours.

—Traian dez condenados a morte, que se lles crave un hastil no ollo e que vexan de curalos. Axiña! Non hai tempo que perder! A vida de Henrique II está en perigo! Ah!

Que alguén se ocupe de suxerir aos galenos que logo os decapiten para ver a cousa desde outro punto de vista. A que esperades? Bulide!

Todo foi inútil, á morte do suicida con armadura houbo que engadir once máis, todas elas reais.

Diana de Poitiers quedaba sen o favor absoluto do monarca, igual agora Catarina tiña en conta a suxestión do duque de Nemours de arruinarlle o rostro con vitriolo ou, calibrando a recomendación de Saux-Tavanne, mandaba que lle cortasen o nariz.

Relato para a Bienal de Humor “LUÍZ D’OLIVEIRA GUIMARAES”.
Penela/Espinal 2008. Iniciativa da Humorgrafe Editora